

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

I.- Disposición xeral.

Artículo 1.-

De conformidade co establecido polo artigo 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo (en vigor desde o pasado 10 de Marzo de 2004), en relación cos artigos 56, sobre recursos que compoñen a Facenda do Municipio, 59, sobre impostos obrigatorios dos municipios, e 92 a 99, sobre Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, do mesmo Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, pola presente establécese o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

II.- Feito imponible.

Artigo 2.- .

1.- O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Se considerará vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non cause baixa nos mesmos.

Ós efectos deste imposto, tamén se considerará aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

a)Os vehículos que, dados de baixa nos rexistros pola antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreras limitadas ós de esta natureza.

b)Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cunha carga útil non superior a 750 kilogramos.

III.- Exencións.

Artigo 3.-

1.- Estarán exentos do imposto:

a)Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadán.

b)Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados, e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Asimismo os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros, con estatuto diplomático.

c)Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d)As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.

e)Os vehículos para persoas de mobilidade reducida á que se refire a letra A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998 de 23 de Decembro.

Asimismo estarán exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous párrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Se considerará, a estos efectos, persoa con minusvalía a quen teña esta condición legal en grado igual ou superior ó 33 por cento.

f)Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g)Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da cartilla de Inspección Agrícola.

2.- para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal se expedirá un documento que acredite a súa concesión.

3.- Aos efectos previstos no apartado anterior, os interesados poderán solicitar a exención, ben por escrito no Rexistro Xeral da Corporación, ben mediante escrito presentado ante o Organismo Autónomo de Xestión de Recursos Locais (O.R.A.L.), debendo acompañar os seguintes documentos:

a) No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida, segundo letra A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, e de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicando esta exención tanto para vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte, xunto coa solicitude de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2004, os minusválidos ou discapacitados que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsada da seguinte documentación:

a.1) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:

Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.

Permiso de condución (anverso e reverso).

Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.

Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa minusválida como condutor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo do pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

Documento nacional de identidade ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

a.2) Vehículos destinados ao transporte de minusválidos:

Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademáis do grao de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.

Póliza do seguro do vehículo a nome do minusválido, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo do pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

Documento nacional de identidade ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.

4.- A concesión destas exencións , a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercizo seguinte a aquel no que se presente a solicitude.

IV Bonificacións.

Artigo 4.

1.- Terán unha bonificación do 100 por 100 da cota do Imposto, os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera se tomará como tal a da súa primeira matriculación, ou no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, nos términos previstos no artigo 1 do Real Decreto 1247/1995 de 14 de Xullo.

Se aplicará esta bonificación sempre que se xustifique que reúne os requisitos de antigüidade e singularidade para ser clasificados como vehículos históricos e estén dotados de permiso de circulación e certificado de características técnicas do vehículo.

A xustificación da data de fabricación ou primeira matriculación realizarase mediante copia compulsada da ficha técnica, do permiso de circulación ou certificado do fabricante ou de industria respecto da data en que se deixou de fabricar o modelo en cuestión, ou no seu defecto, dun clube ou Entidade relacionado con vehículos históricos, que acreditará as características e autenticidade do vehículo, para obter a súa catalogación

As solicitudes para disfrutar de dita bonificación poderán presentarse ou ben por escrito no Rexistro Xeral da Corporación, ou ben por escrito no Organismo Autónomo de Xestión de Recursos Locais, (O.R.A.L.) podendo formularse a través dun Clube ou Asociación de vehículos clásicos, históricos ou antigos, ou directamente de forma individual ou colectiva, e se tramitarán sen perxuício das facultades de comprobación e inspección do concello.

A bonificación regulada neste artigo, unha vez solicitada polo interesado acompañándose a solicitude dos documentos acreditativos da antigüidade do vehículo ou da condición do vehículo como histórico, producirá efectos no exercicio seguinte a aqul en que se solicite, ou no mesmo exercicio, se a solicitude se presenta dentro do período voluntario de pago.

V.- Suxeitos pasivos:

Artigo 5.-

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persona físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria, a cuio nome figura o vehículo no permiso de circulación, salvo que se acredite por calquera dos medios de proba admisibles en dereito, que a propiedade do vehículo afectado foi transmitida a outra persona, sendo entón esta última, a obrigada ó pago do imposto, sen perxucio das sancións tributarias que procedan, de acordo co previsto no artigo 12 desta Ordenanza.

2.- De acordo co previsto no párrafo anterior, poderán ter a consideración de suxeitos pasivos do imposto as herencias yacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición .

VI.- Cuota tributaria .

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,147 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes :

CONCEPTO	COTA
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	14,48€
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	39,09 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	82,52 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	102,78 €
De 20 cabalos fiscais en diante	128,46€
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	95,55 €
De 21 a 50 prazas	136,08€
De máis de 50 prazas	170,10 €
CAMIÓNS	
De menos de 1.000 Kg de carga útil	48,50 €
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	95,43 €
De máis de 2.999 a 9.999 Kg de carga útil	136,08 €
De máis de 9.999 Kg de carga útil	170,10 €

TRACTORES

De menos de 16 cabalos fiscais	20,27€
De 16 a 25 cabalos fiscais	31,85 €
De máis de 25 cabalos fiscais	95,55 €

REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES

De menos de 1.000 e máis de 750 Kg de carga útil	20,27 €
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	31,85 €
De máis de 2.999 Kg de carga útil	95,55 €

OUTROS VEHÍCULOS

Ciclomotores	5,07 €
Motocicletas ata 125 cc	5,07 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc	8,68 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	17,38 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 cc	34,74 €
Motocicletas de máis de 1.000 cc	69,49 €

2. Para a aplicación da tarifa anterior terase en conta o Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, que establece o concepto das diversas clases de vehículos e a determinación da potencia fiscal.

3.- No caso de que nas Leis de Presupostos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,147 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

VII.- Período Impositivo e devengo.

Artigo 7.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos en que o período impositivo comenará o día en que se produza dita adquisición.

2.- O imposto se devenga o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto se prorrateará por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrato da cota nos mesmos términos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo de vehículo, e desde o momento en que se produza dita viaza temporal o Rexistro público correspondente.

VIII.- Xestión do imposto: altas, baixas, transferencias, reformas, cambios de domicilio e baixas.

Artigo 8.- Altas.

1.- De conformidade co disposto no artigo 99.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RD.LEX. 2/2004 de 5 de Marzo, os interesados que soliciten a matriculación dun vehículo

deberán presentar ó propio tempo na Xefatura Provincial de Tráfico, o documento acreditativo do pago de Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou a súa exención.

2.- Para os vehículos xa matriculados o pago das cotas anuais do imposto, se realizará dentro dos prazos que se establezan ó efecto.

Artigo 9.- Reforma, transferencia, baixa ou cambio de domicilio.

1.- De conformidade co disposto no artigo 99.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os titulares de vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sen perjuicio de que se sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas deudas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Se exceptúa da referida obrigación de acreditación o suposto de baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

2.- Na tramitación dos expedientes sinalados no apartado anterior, deberá presentarse a oportuna declaración en relación ó Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que surtirá efectos no exercicio seguinte a aquel no que se produza.

Artigo 10.- Sustraccións de vehículos.

En caso de sustracción de vehículos, previa solicitude e xustificación documental, poderá concederse a baixa temporal no imposto con efectos desde o exercicio seguinte a sustracción, prorrateándose a cota do exercicio da sustracción por trimestres naturais.

A recuperación do vehículo motivará a que se reanude a obriga de contribuir desde dita recuperación.

A tal efecto, os titulares dos vehículos deberán comunicar a súa recuperación no prazo de 15 días desde a data en que se produza nas oficinas municipais, desde as que se dará traslado da recuperación ó O.R.A.L., ou ben directamente no propio Organismo de Recadación.

Artigo 11.- Infraccións e sancións:

Nos casos de incumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto polo artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se apoicará o rexime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolven.

Disposicións Adicionales:

Primeira. As referencias ós permisos de circulación contados na presente Ordenanza, se entenden referidas ás licencias de circulación no caso de ciclomotores a partir da entrada en vigor do R.D. 2822/1998 de 23 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Segunda. As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra norma con rango de Lei que afecten a calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito deste Ordenanza.

Disposicións Finais.

Primeira. No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as normas da Lei Xeral Tributaria, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as disposicións que , non seu caso se dicten para a súa aplicación.

Segunda. A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de Xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

(Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra N° 246 do 19 de decembro de 2008)